



Boletín de Medio Ambiente



Serra da Capelada

Concello: Cedeira, Cariño e Ortigueira.

Características: Ao norte da provincia da Coruña atópanse os cantiis más altos de Europa despois dos fiordos noruegueses. O seu pico más elevado é o de Vixía Herbeira, a 620 metros sobre o nivel do mar. Co poderoso océano Atlántico perdéndose no horizonte, as vistas son un espectáculo para os sentidos.

Curiosidades: Moi preto sitúase o santuario de Santo Andrés de Teixido, un dos más venerados de Galicia, e tamén Cabo Ortegal, outro miradoiro máxico para os amantes da natureza.

Noticias

A UE renova o polémico herbicida glifosato ata 2022

Fronte á unha proposta inicial para renovar a licenza durante a próxima década e perante unha avaliación da Eurocámara, que pedía a eliminación progresiva da sustancia de aquí a 2022, a CE rebaixou o texto a cinco anos, aínda que este segue sen convencer a algúns países membros.

Organizacións ecoloxistas e ambientais tacharon de "lamentable" esta decisión. Entre elas, o responsable de Agricultura de Greenpeace-España, Luís Ferreirim, afirmou que a UE ha optado por "ignorar as advertencias dos científicos", que alertaban do perigo para os humanos deste herbicida.

Fonte: El Mundo

O monte Pindo, un tesouro abandonado

Os camiños de O Pindo son percorridos por gran cantidade de persoas. Con todo, bótase en falta calquera indicio de sinalización nas sendas de acceso ao alto da Moa. Salvo algúns letreiros iniciais preto da igrexa de O Pindo e en O Fieiro, o demais é ausencia de instrumentos que faciliten as aventuras dos excursionistas. Non son estráños os continuos extravíos de xente e os accidentes, que ás veces requiren dous socorristas.

Por outra banda, os camiños, moi erosionados, ben se merecerían un pouco de atención. En suma, un tesouro xeolóxico, paisaxístico, antropolóxico e histórico moi abandonado.

Fonte: La Voz de Galicia

O ecodiseño aforra 152.421 toneladas de CO₂

Os criterios de deseño ecolóxico contribuíron a reducir o uso de materias primas na fabricación de envases nun total de 34.652 toneladas de material. En canto ao aforro enerxético e de auga, estas medidas permitiron aforrar 1.308.909 megawatts-hora e 22.745.269 m³ de auga.

As 2.179 compañías que participaron puxeron en marcha 6.451 medidas, dirixidas á redución do peso dos envases (52%), ao redeseño (10%), á redución do seu impacto ambiental (10%), a eliminación de elementos da súa composición (8%) ou o fomento da reutilización dos envases (4%), pois a maior parte do impacto ambiental na fabricación de envases pode evitarse na fase de deseño dos mesmos.


Fonte: Ecoticias

Unha roda coma xardín rotativo

The Green Wheel nace coma un proxecto da NASA para proporcionar aos astronautas verduras e froitas frescas.

O seu deseño circular fai que caiban máis plantas en menos espazo. As plantas van virando ao redor dunha lixeira fonte no centro da roda e a luz está colocado o máis próxima ás plantas.

Pódese xestionar cunha aplicación, pola que se controla a iluminación, a temperatura e a auga.



Fonte: Desing Libero

A UE despregará os seus propios medios para responder a catástrofes coma os incendios

Prevese a creación de RescEU, unha reserva dotada con medios como avións de extinción, bombas de auga, equipos de procura e rescate urbano, hospitais de campaña e equipos médicos de emergencia, que actuará para axudar a aqueles países que se vexan excedidos por unha situación de emergencia.

Fonte: La Opinión Coruña

A metade do lixo alimentario xérase nos fogares

O desperdicio alimentario é unha realidade. Cada persoa xera 76kg ao ano de alimentos que acaban no lixo. Ata 1/3 dos alimentos do mundo terminan converténdose en refugallos.

O domingo pasado celebrouse o “Día Nacional Contra o Desperdicio Alimentario”, co propósito de concienciar á poboación sobre a importancia de reducir a comida da que se desfa.

Fonte: El Confidencial

Sabías que...

hai vinte anos que apareceron os primeiros colectores amarelos e azuis en España?

Este ano cumprexe vinte anos da Lei de Envases, que foi a impulsora da reciclaxe en España. Os primeiros anos os cidadáns apenas sabían reciclar e actualmente recíclanse ata o 76% dos envases.

Boas Prácticas

A Deputación da Coruña busca financiamento para tres proxectos de mobilidade ciclista na provincia

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o deputado responsable da área de Vías e Obras e Medio Ambiente, José Manuel Pequeño Castro, presentaron esta mañá na sede da institución provincial un plan director para fomentar a mobilidade ciclista na provincia.

Este plan, que servirá de base para solicitar financiamento europeo, estará composto por tres proxectos singulares: a ampliación da rede ciclista metropolitana da Coruña, a creación da Vía Verde entre Santiago e Cerceda e a construcción de sendas en once faros da zona de Ferrolterra, a Costa da Morte e a ría de Muros.

Fonte: Deputación da Coruña

Culleredo bonificará ao 50% aos coches eléctricos no imposto de circulación

O PSOE e Marea Vecinal aprobaron un cambio na Ordenanza de Vehículos de Tracción Mecánica, que consiste en incrementar ata o 50% a bonificación para vehículos eléctricos no imposto de circulación e ata o 25% para vehículos híbridos ou aqueles que usen combustible como biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

Fonte: La Opinión Coruña

Cascas de avellana como biomasa

A multinacional *Ferrero Rocher* aprobou a substitución de 250 quemadores de gasóleo por outros de biomasa.

Este proxecto adxudicárono a *Natural Fire*, empresa asociada a *Avebiom*, despois de ver o bo resultado do proxecto piloto levado en Chile. Onde o consumo de gasóleo era de 4.300 litros diarios, que agora se substitúen ao 100% pola casca xerada na industria, 8,7 toneladas ao día, polo que o custo da alimentación dos quemadores é cero. O poder calorífico da casca de avellana é de 17.500 kJ/kg, similar ao do pellet de madeira, aínda que a porcentaxe de cinzas é de apenas o 1,5%.

Fonte: Ecoticias

Axenda Ambiental

- 28/11/2017 – 30/11/2017 EFIAQUA 2017 → Feira Internacional para a Xestión Eficiente da Auga. Valencia.
- 28/11/2017 – 30/11/2017 ECOFIRA, Feira Internacional de Solucións Medioambientais. Valencia.
- 28/11/2017 - 30/11/2017. IECOFORUM. Valencia.
- 28/11/2017 - 30/11/2017. EXÉTICA. Feira das enerxías. Valencia.
- 30/11/2017 – Premios Europeos de Medio Ambiente á empresa.
- 06/12/2017 - 09/12/2017. XIII Congreso da SECSEM. Guadalajara.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvimento.territorial@dacoruna.gal